

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O APOIO Á ADQUISICIÓN E MELLORA DE EQUIPAMENTO E INSTALACIÓNS CIENTÍFICO-TÉCNICAS NAS UNIVERSIDADES DO SUG

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2021

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, (Consellería) nomeado mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7 de setembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG núm. 106, do 5 de xuño), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (UVigo), nomeado mediante o Decreto 59/2018, do 31 de maio (DOG núm. 109, do 8 de xuño) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) (UDC, USC e UVIGO) son entidades que forman parte do sector público institucional que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- Que Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea e Europa innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

CUARTO.- O Plan Galicia Innova 2020 en liña cos obxectivos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3), e acorde co Plan da Unión

Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2013-2020, (todos eles en fase de redefinición e/ou lanzamento), aspira a consolidar un modelo de crecemento inclusivo e sostible situando á I+D+i como factor clave para garantir a competitividade da economía e a capacidade da sociedade galega para responder ás transformacións globais e aos retos sociais. Concretamente unha sociedade comprometida coa innovación, capaz de adaptarse aos cambios e responder ós seus retos, que camiña cara a maiores niveis de calidade de vida a través da ciencia, a investigación e a innovación.

O Plan Galicia Innova 2020 establece dentro da Acción Estratéxica 1. Coñecemento Excelente e Transferible, concretamente na epígrafe 1.2 referida á valorización, transferencia e orientación á industria, medidas para consolidar un sistema galego de xeración de coñecemento que aprende e se conecta á realidade do tecido produtivo para responder e adiantarse ás necesidades da sociedade, articulando modelos de colaboración entre axentes e dinamizando procesos de valorización e transferencia que maximicen a orientación a resultados.

QUINTO.- Estímase que as actuacións previstas no presente convenio son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (que se atopa en fase de definición e lanzamento para os vindeiros anos), correspondéndose co seu Eixo EI (“Empregabilidade e crecemento intelixente”), Prioridade de actuación PA01 (“Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i”), no obxectivo estratéxico OE02 (“Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega”).

SEXTO.- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades do SUG coinciden en salientar a necesidade de fomentar accións que conduzan ao desenvolvemento de capacidades e servizos para a xestión do coñecemento científico e a valorización das actividades e resultados de investigación, establecéndose como prioridade a planificación, desenvolvemento integrado e consolidación da adquisición e mellora de equipamento e instalacións científico-técnicas do SUG, tanto dirixidas á investigación como á docencia, para optimizar e rendibilizar as súas capacidades en investigación e transferencia de coñecemento.

Esta acción desprégase en base aos obxectivos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Universidades, que ten entre as súas áreas de acción:

- Asumir unha actividade de investigación con visibilidade nacional e internacional, sostible e xeradora de valor social e económico.

- Propiciar a capacidade tecnolóxica efectiva para incrementar as súas competencias en investigación e mellorar os coñecementos para unha docencia de calidade.

SÉTIMO.- A estruturación do sistema público de investigación precisa, en consecuencia, contar cun marco financeiro estable para a súa consolidación, por iso a Consellería contribúe a promover a adquisición e mellora de equipamento e instalacións científico-técnicas para as universidades do SUG, que permitan asegurar e garantir a súa sostibilidade a medio e longo prazo.

Por conseguinte, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración da Consellería no financiamento para prover, manter e actualizar o equipamento e instalacións científico-técnicas para uso do persoal investigador e docente nas tres universidades do SUG.

O orzamento será de 6.947.979,00 €, para a anualidade 2021, coa distribución que se indica a continuación:

UNIVERSIDADE	IMPORTE
UDC	917.520,00
USC	3.263.642,00
UVIGO	2.766.817,00
TOTAL SUG	6.947.979,00

SEGUNDA.- Actuacións

As actuacións de apoio da Consellería á UDC, USC e UVIGO para adquisición e mellora de equipamento e instalacións científico-técnicas refírense nos cadros que seguen (especificando importe con IVE ou sen IVE, tendo en conta se o mesmo vai ser repercutido ou non pola universidade).

1. UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)

EQUIPAMENTO/PROXECTO UDC	CENTRO	IMPORTE (CON IVE)
Proxecto disruptivo: Intelixencia Artificial para visión por computador	CITIC	60.500,00 €
Proxecto disruptivo: Polímeros	CICA	35.000,00 €
Proxecto disruptivo CITEEC: Desenvolvemento de pezas especiais en 3D	CITEEC	18.150,00 €
Proxecto disruptivo: Procesado de materiais semicondutores	VPCIT	29.700,00 €
Proxecto disruptivo: Túnel de vento aerodinámico	CIT	51.600,00 €
Proxecto disruptivo: Simulador de alto voltaxe para barco Ferry	E.T.S de Náutica e Máquinas	60.500,00 €
Laboratorio de servizo de localización intelixente	CITIC	60.500,00 €
Laboratorio de cultivos	CICA	60.500,00 €
Instrumentación de apoio á calibración e comprobación da sensórica utilizada para os ensaios de I+D+i	CITEEC	42.350,00 €
Dinamómetro	CIT	18.150,00 €
Reforzo do laboratorio de impresión 3D	CIT	5.000,00 €
Simulador de torre de enfriamento para laboratorio de investigación e prácticas	CAMPUS INDUSTRIAL (Escola Politécnica de Enx. de Ferrol)	24.200,00 €
Postos para laboratorios de investigación e prácticas de electrónica y automática	CAMPUS INDUSTRIAL (Escola Politécnica de Enx.de Ferrol)	55.000,00 €
Equipamento espazos investigación Enfermaría e Podoloxía	CAMPUS INDUSTRIAL (Fac. de Enfermaría e Podoloxía)	18.000,00 €
Brazo Robótico dotado con electrohusillo para traballos en madeira e materiais blandos.	VPCIT	60.500,00 €
Isocinético Human Norm	Fac. de Ciencias do Deporte e Educación Física	60.500,00 €
Equipo para laboratorio de prácticas de nanociencia e nanotecnoloxía	Fac. de Ciencias (Grado Nanotecnoloxía)	60.500,00 €
Desenvolvemento dun anteprojecto para a definición do edificio do CITIC na Cidade das TIC	CITIC	44.000,00 €
Proxecto básico e de execución de Infraestrutura para Edificio Socioloxía e Comunicación	VIS	47.600,00 €
Electrificación de laboratorio de informática	Fac. de Fisioterapia	6.050,00 €
Sistema Alimentación ininterrumpida	CITIC	12.300,00 €
Software (simulador de emprendemento, CATIA, Bentley, etc)	CAMPUS INDUSTRIAL (Grao Moda, Enxeñerías)	30.000,00 €
Potenciación dos servizos de información e comunicación	Reitoría	56.920,00 €
TOTAL EQUIPAMENTOS UDC		917.520,00 €

TOTAL EQUIPAMENTOS UDC	917.520,00 €
-------------------------------	---------------------

2. UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)

2.1. EQUIPAMENTO USC	CENTRO	IMPORTE (CON IVE)
REFRACTÓMETRO DE CAMPO ABERTO NATURAL VISION K-5001	FAC. ÓPTICA E OPTOMETRÍA	9.935,00 €
BRAZO ROBOT UR3E	ESC. POLITÉCNICA SUP.ENXEÑARÍA	17.908,00 €
RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DA AULA DE INFORMÁTICA	FAC. FORMACIÓN PROFESORADO	15.882,00 €
BOMBA PERISTÁLTICA MASTERFLEX	ESC.TÉCNICA SUPERIOR ENXEÑARÍA	2.929,00 €
RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DA AULA DE INFORMÁTICA	FAC. HUMANIDADES LUGO	21.175,00 €
RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DA AULA DE INFORMÁTICA	FAC. DE BIOLOXÍA	11.344,00 €
RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DA AULA DE INFORMÁTICA	FAC. DE PSICOLOXÍA	18.150,00 €
HABILITACIÓN E EQUIPAMENTO DE NOVA AULA DE INFORMÁTICA. ADQUISICIÓN DE LICENCIAS DO SOFT. STATA MP 2 CORE 17	FAC. CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS	49.973,00 €
RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DA AULA DE INFORMÁTICA. EQUIPAMENTO PARA O PLATÓ VIRTUAL DA FACULDADE	FAC. CIENCIAS COMUNICACIÓN	19.726,00 €
SIMULADOR DE ALTA FIDELIDADE DE PACIENTE PEDIÁTRICO	FAC. DE ENFERMARÍA	54.450,00 €
EQUIPO DE CONXELADO PARA A CÁMARA DA SALA DE DISECCIÓN	FAC. DE VETERINARIA	13.719,00 €
EQUIPAMENTO PARA MEDIDAS DE CIENCIA E TECNOLOXÍA CUÁNTICA	FAC. DE FÍSICA	71.881,00 €
MANIQUÍ DE SOPORTE AVANZADO PARA A PRÁCTICA DE SOPORTE VITAL AVANZADO	ESC. UNIV. ENFERMERÍA DE LUGO	9.680,00 €
RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DAS AULAS DE INFORMÁTICA	FAC. DE MATEMÁTICAS	18.107,00 €
RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DAS AULAS DE INFORMÁTICA	FAC. XEOGRAFÍA E HISTORIA	38.170,00 €
EQUIPAMIENTO DE LABORATORIO ENSINANZAS ARTÍSTICAS E PLÁSTICAS	FAC. CIENCIAS DA EDUCACIÓN	13.277,00 €
EQUIPACIÓN DUN LABORATORIO TECNOLÓXICO TECH LAB EET	FAC. ADM. DIRECCIÓN DE EMPRESAS	1.610,00 €
RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DAS AULAS DE INFORMÁTICA	FAC. DE FARMACIA	2.218,00 €
	SUBTOTAL	390.134,00 €

2.2. EQUIPAMENTO USC	CENTRO	IMPORTE (SEN IVE)
ESPECTRÓMETRO RMN 100 MHZ PARA O CAMPUS DE LUGO	UNIDADE RESONANCIA MAGNÉTICA	163.000,00 €
AUTOCLAVE DE DOBRE PORTA PARA A ÁREA DE INFECCIOSAS	UNIDADE ANIMALARIO EXPERIMENTAL	85.545,00 €
SECUENCIADOR AB 3500XL GENETIC ANALYZER	PLATAFORMA SECUENCIACIÓN LUGO	207.530,00 €
RENOVACIÓN DE BOMBAS MECÁNICAS DE BALEIRO EN ESPECTRÓMETROS DE MASAS	UNIDADE ESPECTROMETRÍA MASAS	17.000,00 €
ADQUISICIÓN DUNHA ÓPTICA POLICAPILAR PARA DIFRACTÓMETRO DE PO CRISTALINO	UNIDADE DE RAIOS X	35.000,00 €
INSTALACIÓN DUN LÁSER DE 633 NM NO MICROSCOPIO RAMAN CONFOCAL WITEC	UNIDADE DE IR-RAMAN	37.290,00 €
SONDA HR-MAS PARA ANALISE DE BIOPSIAS NO EQUIPO DE RMN DE 750 MHZ	UNIDADE RESONANCIA MAGNÉTICA	70.000,00 €
EQUIPO DE PURIFICACIÓN DE AUGA CON OZONO	ACUARIO	8.750,00 €
VITRIFICADOR DE MOSTRAS PARA CRIO-TEM E ACCESORIOS	UNIDADE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA	80.000,00 €
SUSCRIPCIÓN A BASE DE DATOS EUROPPRESSE	FAC. DE FILOLOXÍA	1.600,00 €
CITÓMETRO DE FLUXO	CIBUS	50.000,00 €
LICENZA DO FULL-TEXT CORPUS DATA DE MARK DAVIES	FAC. DE FILOLOXÍA	2.300,00 €
PROGRAMA MAXQDA ANALYTICS PRO SINGLE-USER LICENSE EDUCATIONAL	FAC. CIENCIAS EDUCACIÓN	702,00 €
SERVIDOR DE FICHEIROS CON CABINA DE DISCOS EN RAID DE 48 TB	PLATAFORMA SIT	20.000,00 €
CABINA DE SEGURIDADE MICROBIOLÓXICA PARA BIOIMPRESORA 3D	iMATUS	22.000,00 €
EQUIPO DE EXTRACCIÓN AUTOMATIZADO DE ÁCIDOS NUCLEICOS	INSTITUTO DE ACUICULTURA	48.420,00 €
EQUIPO DE SECADO POR PULVERIZACIÓN	FAC. DE FARMACIA	94.624,00 €
ACTUALIZACIÓN DO MICROSCOPIO LIGHT-SHEET	CIMUS	49.915,00 €
CITÓMETRO LÁSER DE PARTÍCULAS FLUORESCENTES	FAC. DE VETERINARIA	91.580,00 €
ANALIZADOR ELEMENTAL CON CARGADOR AUTOMÁTICO	FAC. DE BIOLOXÍA	49.812,00 €
ROBOT ALTO RENDIMENTO PARA EXTRACCIÓN DE ADN EN PLACAS DE 96 MOSTRAS	FAC. DE BIOLOXÍA	48.000,00 €
EQUIPO DE INDUCCIÓN MAGNÉTICA PARA ESTUDOS DE HIPERTERMIA MAGNÉTICA	AEMAT	41.005,00 €
PRESA PELETIZADORA DE LABORATORIO	ESC. POLITÉCNICA SUP. ENXEÑARÍA	30.650,00 €
SISTEMA DE PCR EN TEMPO REAL	FAC. DE VETERINARIA	48.500,00 €
EQUIPO DE ESTIMULACIÓN ELÉCTRICA TRANSCRANIAL MUNTICANLE	FAC. DE PSICOLOXÍA	42.012,00 €
SERVIDOR SUPERMICRO SYS-7088B-TR4FT EN CONFIGURACIÓN CC-NUMA	CITIUS	14.219,00 €
ANALIZADOR DE FLUXO DE PO	AULA PROD. LÁCTEOS E TEC. ALIMENT.	20.000,00 €
EQUIPO HPLC ACOPLADO A UN DETECTOR DE ÍNDICE DE REFRACCIÓN	ESC. TÉCNICA SUPERIOR ENXEÑARÍA	39.719,00 €
DISPENSADOR AUTOMÁTICO DE PASTA DE SOLDADURA	IGFAE	44.098,00 €
ESCÁNER 3D PARA ODONTOLOXÍA	FAC. DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA	30.000,00 €
AMPLIACIÓN EQUIPO ASAP 2020 MICROMERITICS PARA A ANÁLISE DE MICROPORO	ESC. TÉCNICA SUPERIOR ENXEÑARÍA	30.774,00 €
ESPECTROFOTÓMETRO UV/VIS/NIR DE ALTA RESOLUCIÓN	FAC. DE QUÍMICA	49.931,00 €
BALANZA DE LANGMUIR	FAC. DE FARMACIA	31.800,00 €
FOTOMICROSCOPIO MOTORIZADO CON FLUORESCENCIA CUN MÓDULO I.A.	FAC. DE VETERINARIA	50.000,00 €
SISTEMA DE EXTRACCIÓN-CONCENTRACIÓN PARA L.C.	IAQBUS	49.997,00 €
MAN ROBÓTICA	CITIUS	15.000,00 €
DETECTOR ÓPTICO TIMEPIX3	IGFAE	94.600,00 €
EQUIPO DE CALORIMETRÍA DIFERENCIAL DE BARRIDO CON AUTOSAMPLER	CIQUS	49.954,00 €
SIMULADOR GASTROINTESTINAL DINÁMICO	FAC. DE VETERINARIA	98.400,00 €
CLUSTER DE COMPUTACIÓN E ALMACENAMENTO	CRETUS	22.000,00 €
DISPOSITIVOS PARA IMPRESIÓN E CONSTRUCCIÓN DE PRÓTESIS DENTAIS	FAC. DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA	38.000,00 €
EQUIPAMENTO HPLC AUTOMATIZADO DE TIPO PREPARATIVO	CIQUS	48.295,00 €
TINGUIDOR DE TECIDOS CON ESTACIÓN DE SECADO	ESC. POLITÉCNICA SUP. ENXEÑARÍA	15.000,00 €
CÁMARA CCD INTENSIFICADA DE ALTA RESOLUCIÓN E SENSIBILIDADE	IFGAE	48.962,00 €
CALORÍMETRO DE VALORIZACIÓN ISOTÉRMICA AFFINITY-ITC	INSTITUTO DE MATERIAIS	99.891,00 €
SISTEMA RPA LIDAR E FOTOGRAFÉTRICO RGB	FAC. DE FARMACIA	49.789,00 €
LECTOR DE PLACAS PARA MONITORIZACIÓN DE CULTIVOS MICROBIOLÓXICOS EN CONTINUO	CIMUS	28.545,00 €
ROBOT DE PREPARACIÓN DE NANODROPS PARA EQUIPO DE DROPLET DIGITAL PCR	INSTITUTO ACUICULTURA	75.000,00 €

SUBTOTAL
2.389.209,00 €

2.3. EQUIPAMENTO USC	CENTRO	IMPORTE (SEN IVE)
EQUIPO DE ARTROSCOPIA	ROF CODINA	48.760,00 €
MOTOR ORTOPEDIA	ROF CODINA	30.000,00 €
POTRO MÓBIL	ROF CODINA	6.000,00 €
EQUIPO DE ECOGRAFÍA PARA ANESTESIA E OFTALMOLOXÍA	ROF CODINA	27.400,00 €
4 GAIOLAS UCI CON PORTA DE CRISTAL PARA GATOS E CANS DE 70X50 CM	ROF CODINA	15.600,00 €
2 GAIOLAS UCI CON PORTA DE CRISTAL PARA CANS DE 120X70 CM	ROF CODINA	10.828,00 €
6 MONITORES MULTIPARAMÉTRICOS	ROF CODINA	27.000,00 €
6 BOMBAS DE INFUSIÓN VOLUMÉTRICAS	ROF CODINA	4.740,00 €
TORRE VIDEOENDOSCOPIA DIXITAL PARA EQUINOS	ROF CODINA	19.800,00 €
MÁQUINA DE ANESTESIA CON MONITOR PARA EQUINOS	ROF CODINA	33.471,00 €
ECÓGRAFO EQUINOS	ROF CODINA	20.900,00 €
SONDAS LINEAIS L10-22RS E 12L-RS	ROF CODINA	10.500,00 €
EQUIPO VIDEOENDOSCOPIA PARA MEDIANOS ANIMAIS	ROF CODINA	48.000,00 €
SISTEMA MULTIFUNCIONAL DE DOCUMENTACIÓN AIDA	ROF CODINA	36.000,00 €
EQUIPAMENTO PARA QUIMIOTERAPIA E MONITORIZACIÓN	ROF CODINA	48.300,00 €
2 EQUIPOS DE ANESTESIA CON MONITOR PEQ. ANIMAIS	ROF CODINA	30.000,00 €
EQUIPO DE ECOGRAFÍA PARA PEQUENOS ANIMAIS	ROF CODINA	47.000,00 €
DETECTOR DR	ROF CODINA	20.000,00 €
SUBTOTAL		484.299,00 €

TOTAL EQUIPAMENTOS USC	3.263.642,00 €
-------------------------------	-----------------------

3. UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO)

3.1. EQUIPAMENTO UVIGO	CENTRO	IMPORTE (CON IVE)
INFRAESTRUTURA DE HIPERCONVERXENCIA	UVIGO	317.000,00 €
VEHÍCULO TODOTERREO PARA MOSTRAXE	CAMPUS DE VIGO	15.000,00 €
VEHÍCULO TODOTERREO PARA MOSTRAXE	CAMPUS DE OURENSE	15.000,00 €
RENOVACIÓN DO PISO DO PAVILLÓN PARA PROBAS E ENSAIOS FÍSICOS	UVIGO	145.200,00 €
MELLORA DA AIREACIÓN NATURAL DOS SEMINARIOS DE INVESTIGACIÓN	EDIFICIO DE FERRO-OURENSE	50.000,00 €
ACONDICIONAMENTO TÉRMICO E ACÚSTICO DE ZONAS INTERIORES	FAC. FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN	57.291,63 €
SISTEMA DE ABASTECEMENTO DE GASES	EDIFICIO OLIMPIA VALENCIA	30.000,00 €
SISTEMA DE ENERXÍA XEOTÉRMICA	BIBLIOTECA CENTAL	18.822,76 €
INFRAESTRUTURA DE MOBILIDADE DOS VEHÍCULOS ELÉCTRICOS	CAMPUS OURENSE E PONTEVEDRA	23.541,00 €
PORTAS CONTRALUMES	ESCOLA DE ENXEÑERÍA FORESTAL	14.926,00 €
CORRECCIÓN DO SISTEMA DE CORTIÑAS DE AUGA	EDIFICO FILOMENA DATO	10.177,00 €
ZONA ENSAIOS MESOCOSMO	ECIMAT	20.703,00 €
MELLORA DO SISTEMA DE ILLAMENTO TÉRMICO	FAC. C. XURÍDICAS E DO TRABALLO	10.800,00 €
DIFFUSION TRAIN	UVIGO	50.000,00 €
MELLORA DA ACCESIBILIDADE AOS SEMINARIOS DE INVESTIGACIÓN	FAC. C. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	30.000,00 €
ACONDICIONAMENTO ACÚSTICO E DE CONFORT	ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL	50.000,00 €
TRANSFORMACIÓN DA CAFETERÍA EN SEMINARIO	ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL	35.000,00 €
LABORATORIOS DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA	FAC. DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA	70.000,00 €
APOIO AO SISTEMA ENERXÉTICO DE AUTOABASTECEMENTO	ESC. ENXEÑERÍA DE MINAS E ENERXÍA	50.000,00 €
LABORATORIO DE VISIÓN ARTIFICIAL E ROBÓTICA	ESC. DE ENXEÑERÍA INFORMÁTICA	270.000,00 €
LABORATORIO DE EDICIÓN GRÁFICA E DE INFORMÁTICA	FACULTADE DE DESEÑO	82.476,94 €
ESTUDO DE GRAVACIÓN EN CENTRO	CAMPUS DE VIGO	29.575,00 €
SUBTOTAL		1.395.513,33 €

3.2. EQUIPAMENTO UVIGO	CENTRO	IMPORTE (SEN IVE)
GAS BENCH II	CACTI VIGO	50.000,00 €
ANALIZADOR ELEMENTAL	CACTI OURENSE	60.000,00 €
MIRAFEED: ALIMENTADOR DE PEIXES	CIM	31.000,00 €
SISTEMA FABRICACIÓN, ANÁLISE E ESTIMULACIÓNNOVAS NANOTERAPIAS	CINBIO	146.000,00 €
TERMOGRÁFICA DE ALTA VELOCIDADE	CINTECX	115.000,00 €
MELLORA DO ANALIZADOR NON LIÑAL DE REDES DE POTENCIA	ATLANTTIC	49.900,00 €
EQUIPAMENTO USUARIO ESTUDO DA CALIDADE DAS COMUNICACIÓNS PARA REDES MÓBILES	ATLANTTIC	50.000,00 €
XERADOR DE MICROONDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE TECNOLOXÍA SENSÍBILES EMERXENTES 6G E RADAR DE AUTOMOCIÓN	ATLANTTIC	49.990,00 €
EQUIPAMENTO CARACTERIZACIÓN E MEDIDAS TECNOLOXÍAS CUÁNTICAS	ATLANTTIC	15.000,00 €
NODO AMD EPYC MILAN PARA CLÚSTER DE SUPERCOMPUTACIÓN	ATLANTTIC	35.000,00 €
GEOSWATH 4R, SISTEMA DE CONTROL ELECTRÓNICO DA SONDA MULTIHAZ DA EMBARCACIÓN INNDAGA	CIM	48.400,00 €
SISTEMA SECUENCIADOR E ANALIZADOR 2D	CINBIO	71.000,00 €
ESCANER LÁSER PORTÁTIL	CINTECX	26.626,00 €
MEDIDOR DE ÁNGULO DE CONTACTO	CACTI	48.254,00 €
CÁMARA HIPERESPECTRAL	CINTECX	49.998,05 €
FLOOR STANDING, HIGH SPEED CENTRIFUGES	CINBIO	40.000,00 €
ESPECTOMETRÍA DE EMISIÓN ÓPTICA DE PLASMA DE ACOPLAMENTO INDUTIVO	CACTI	50.000,00 €
CROMATÓGRAFO IÓNICO	CACTI	50.000,00 €
SISTEMA DE NANOANÁLISE EDS JSM 6700F	CACTI	50.000,00 €
CONXELADOR -80°C	CINBIO	12.000,00 €
SISTEMA AUTÓNOMO MONITORAXE DA CALIDADE AUGA FINS BIOLÓXICOS	CIM	43.135,62 €
RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DE EQUIPOS DE COMUNICACIÓN DE REDE	UVIGO	280.000,00 €
SUBTOTAL		1.371.303,67 €

TOTAL EQUIPAMENTOS UVIGO	2.766.817,00 €
---------------------------------	-----------------------

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UDC, a USC e a UVIGO para impulsar as accións descritas neste convenio.

As universidades comprométense a promover o desenvolvemento de capacidades e actividades de I+D+i nos ámbitos científicos obxectivo dos seus centros, asegurando o mantemento do nivel de excelencia e a posición competitiva na produción científica das partes beneficiarias destas accións. Así mesmo, asumen o compromiso de desenvolver e manter os equipamentos e instalacións científico-técnicas de investigación resultantes, consolidando os servizos asociados para o seu uso pola comunidade científica no ámbito das tres universidades e polo conxunto do sistema de innovación.

As universidades tamén se comprometen a facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto as universidades non se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de seis millóns novecentos corenta e sete mil novecentos setenta e nove euros (6.947.979,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), que se atopa prorrogado en 2021 ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Esta cantidade de 6.947.979,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Gastos de equipamento dos grupos, institutos e centros de investigación e unidades docentes incluídos os asociados á realización de proxectos.
- Equipamento para áreas de infraestruturas de investigación.
- Equipamento científico para a mellora da docencia universitaria.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas software, etc.
- Mobiliario; dotación de laboratorios.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas ou no caso de que non se poidan adxudicar os equipamentos ou instalacións científico-técnicas establecidas neste convenio, poderanse incluír outros investimentos en equipamento, previa comunicación.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, as universidades chegarán antes do 15 de decembro de 2021:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (equipamento e instalacións científico-técnicas), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente/a.
- O/a vicerreitor/a da UDC responsable destas accións ou persoa en quen delegue.
- O/a vicerreitor/a da USC responsable destas accións ou persoa en quen delegue.
- O/a vicerreitor/a da UVigo responsable destas accións ou persoa en quen delegue.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2021.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederáse á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este

convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións esténdense ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora. A totalidade das actuacións subvencionadas o son para as tres universidades do SUG para a adquisición e mellora de equipamento e instalacións científico-técnicas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrencia competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a UDC, a USC e a UVIGO deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento

da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as universidades consenten expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO-PRIMEIRA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo